



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA**

**12 DE AGOSTO DE 2015.**

No Salon de Sesións do Concello de Frades, reunense, cando son as 13.40 horas, os seguintes concelleiros a fin de celebrar Sesión Plenaria de carácter extraordinario, convocada para o día de hoxe:

Dna. Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Franco Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Oscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, Dna. Nelly Iglesias Rey, Dna. Lorena Suárez Pardo. Preside a Sesión D. Roberto Rey Martínez, Alcalde - Presidente do Concello e asiste a mesma Nila Sexto Carballeiro, secretaria da Corporación.

#### **ORDE DO DÍA.**

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Os señores concelleiros declaran coñecer a Acta da Sesión anterior que resulta aprobada por unanimidade.

**2.- MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL IMPOSTO DE BENS INMOBLES.-** Neste punto o Sr. Alcalde - Presidente propón o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal sobor do Imposto de Bens Inmobles.

Recollendo como unha importante novidade a bonificación do 95% previsto no vixente Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais que neste Concello afecta fundamentalmente os inmobles destinados a establos agrícolas e gandeiros.

Señaña D. José María Pérez Lagos que se lle presentan unha serie de dúbidas como é o que pasa cas explotacións antigas e que quedan supostos que non teñen unha resposta clara; sinala igualmente que se deberían opoñer a estas leyes que gravan a situación, xa moi difícil dos gandeiros deste Concello.

Contesta o aAlcalde que o Concello xa se acolle a máxima bonificación ( 95%) que preveé a Lei.

A ordenanza está informada favorablemente pola Secretaria - Interventora quen pon de manifesto que deberá expoñerse no B.O.P. por espazo de trinta días a efectos de posibles reclamacións.

Sometido este asunto a votación apróbbase cos votos favorables do Partido Popular e coa abstención do BNG.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

**3.- MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2015.-** Se informa polo Sr.- Alcalde da modificación de diversas partidas que he preciso modificar respecto o Orzamento do ano correspondente o 2015 e procede seguidamente o tesorero a explicación de cada unha delas.

GASTOS				INGRESOS		
Descrición do proxecto	Tipo de incorporación	Partida	Importe	Financiación	Importe	Partida
Mantemento de infraestrutura viaria	Generación de crédito	453 . 62701	34.453,46 €	Con cargo a remanentes líquidos para gastos xerais	34.453,46 €	87000
Subvenc. Nominativa Diputación	Generación de crédito	453 . 62701	38.901,78	Con cargo a remanentes líquidos para gastos xerais	38.901,78 €	87000
		453 . 62701	55.607,10	Compromiso de ingresos (Subvención Diputación)	55.607,10 €	76100
Subvención Praza Ponte Carreira - Xunta de Galicia	Generación de crédito	453 . 62701	12.093,94 €	Con cargo a remanentes líquidos para gastos xerais	12.093,94 €	87000
		459 . 62301	28.219,19 €	Compromiso de ingresos (Subvención Xunta)	28.219,19 €	75080
Subvención Pista de Padel - Xunta de Galicia	Generación de crédito	453 . 62701	14.550,82 €	Con cargo a remanentes líquidos para gastos xerais	14.550,82 €	87000
		342 . 62709	28.391,86 €	Compromiso de ingresos (Subvención Xunta)	28.391,86 €	75080
Fondo de Compensación Ambiental - Xunta de Galicia	Generación de crédito	171 . 62300	20.250,00 €	Compromiso de ingresos (Subvención Xunta)	20.250,00 €	75080
		171 . 13100	15.000,00 €	Compromiso de ingresos (Subvención Xunta)	20.250,00 €	45080
		171 . 22103	5.250,00 €	Compromiso de ingresos (Subvención Xunta)	20.250,00 €	36100
		171 . 65000	27.000,00 €	Compromiso de ingresos (Subvención Xunta)	6.750,00 €	36100
	Transferencia de crédito	171 . 62300	6.750,00 €	Transferencia de crédito	6.750,00 €	450 . 13100
Desbroce en infraestruras naturais	Generación de crédito	459 . 21000	3.500,00 €	Mayores ingresos	1.500,00 €	3000
				Transferencia de créditos	2.000,00 €	450 . 22103
Infraestructura de agua	Generación de crédito	161 . 62702	15.500,00 €	Mayores ingresos	8.500,00 €	3000
				Transferencia de créditos	7.000,00 €	165 . 22100
Medio Ambiente	Transferencia de crédito	170 . 21000	3.000,00 €	Transferencia de créditos	3.000,00 €	165 . 22100
<b>TOTAL OPERACIONES</b>			<b>308.468,15 €</b>		<b>308.468,15 €</b>	
<b>TOTAL INCREMENTO PTO</b>			<b>289.718,15 €</b>			
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS</b>			<b>18.750,00 €</b>			



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

Se manifiestan a favor, por unanimidade todos os concelleiros.

### **4.- RECLAMACIÓN A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE.-**

Dase conta por parte do Sr. Alcalde da reclamación presentada por D. Manuel Ferreiro Marzoa a Consellería do Medio Rural e do Mar, referente a situación dos gandeiros de produción leiteira e que de modo resumido, manifestase nos seguintes termos:

O Concello de Frades é un Concello eminentemente gandeiro, mentres se mantuvo o sistema de cuotas, os gandeiros mantuveron un sistema de rendas máis ou menos estables. Ca desaparición do sistema de cuotas modernizaronse as explotacións, os controles e incorporouse xente nova. Os prezos están por debaixo dos 30 céntimos e a veces por debaixo dos 20 céntimos, de modo que non se cubren os custos de produción e o ter unha renda mínima.

A Xunta de Galicia e o Goberno Central deberían adoptar as medidas para que os gandeiros poideran acometer ese coste e minoralo o na medida do posible.

Os gandeiros atopanse nun dos momentos máis críticos e incerto en canto o seu futuro.

Por iso pídesse ás administracións o seguinte:

Solicitar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a inclusión de representación de produtores que garantizen a estabilidade do sector.

Solicitar da Organización Interprofesional láctea que garantice un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo.

Instar as organizacións agrarias para que impulsen a sinatura de contratos colectivos que garantizen a estabilidade no sector.

Dado que non ahi máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, levántase esta cando son as 15 horas, de todo o cual eu secretaria, certifico.